

Tendo en conta o informe proposta con data do 15 de xuño de 2021 e que literalmente di:

“A Concellería de Muller e Igualdade organiza como en anos anteriores os campamentos urbanos e rurais do verán 2021.

O obxecto dos campamentos é apoiar ás familias na atención aos seus fillos en idade escolar durante os períodos vacacionais ademais de sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

Para participar nos ditos campamentos, abriuse un prazo do 7 ao 11 de xuño, ambos incluídos.

Logo de rematar este prazo, compróbase que a oferta de prazas é maior que a de solicitudes presentadas, por tal motivo e a pedimento da concelleira de Muller e Igualdade, propónse abrir un novo prazo dende o 16 ao 18 de xuño, ambos os dous incluídos

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empradoado/a no Concello de Ferrol.

No anterior prazo fixéronse uns criterios de preferencia para optar a unha praza no campamento, pero nesta ocasión, só se terá en conta a rigurosa orde de inscrición, xa que as familias que concilian a vida laboral e familiar xa optaron e conseguiron praza no primeiro prazo.

Os que opten a unha praza deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación:

- Solicitud (Anexo I)
- Formulario de saúde (Anexo II)
- Autorización cesión de imaxe e saídas programadas (Anexo III).

O programa está dirixido a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 1 de xullo e non cumprir os 14 anos antes do 1 de setembro.

Polo exposto, propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo

Primeiro.- A aprobación da ampliación do prazo para optar a unha praza nos campamentos rurais e urbanos verán 2021, dende o 16 ao 18 de xuño, ambos os dous incluídos.”

Decreto: Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

A concelleira de Muller, Igualdade, Xuventude,
Minorías Étnicas e Normalización Lingüística

Dou fe,
O/A secretario/a xeral

Cristina Prados Rubio